



## ANUNCIO

- **DATA DAS PROBAS PARA O PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO**
- **DATA DAS ENTREVISTAS GRUPAIS (POR ESCRITO) PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR**

**Expte.:** SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CAMIÑO AO EMPREGO 2022" PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE VIMIANZO, CAMARIÑAS E MUXÍA. Expte. Tedec: 2022/E001/000059

### 1) DATA DAS PROBAS PARA O PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO

LUGAR: Casa da Cultura de Vimianzo

DATA: mércores, 14/09/2022

HORA: 9:30

Convócase ás persoas candidatas a: director/a, titor/a, orientador/a, administrativo/a, docentes

PROBA: Fase de oposición. Proba escrita. Realizarase en primeiro lugar e faranse públicas as puntuacións no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Vimianzo e segundo se indica no punto 1 sobre Publicidade das fases do proceso. Esta fase non é eliminatória, pero quedarán excluídas do proceso as persoas que non se presenten. Consistirá nunha proba escrita cunha duración de 90 minutos que incluírá preguntas test e preguntas cortas e que versará sobre as funcións do posto e os temas que figuran no anexo.

### 2) DATA DAS ENTREVISTAS GRUPAIS (POR ESCRITO) PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR

LUGAR: Casa da Cultura de Vimianzo

DATA: mércores, 14/09/2022

HORA: 12:30

Convócase ás persoas candidatas a alumnado traballador que figura nas listas remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia publicadas no taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo

ENTREVISTA GRUPAL POR ESCRITO: Ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. A puntuación é global, terá en conta a documentación achegada pola persoa candidata e as temáticas son as seguintes:

- 1) Traxectoria laboral e formativa da persoa candidata.
- 2) Participación en Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI), se é o caso.
- 3) Participación en accións do sistema nacional de garantía xuvenil, se é o caso.
- 4) Interese na especialidade de que se trate.
- 5) Interese na inserción laboral e contexto sociofamiliar.
- 6) Coñecemento das ocupacións e actividades económicas asociadas á especialidade de que se trate.

Vimianzo, 09/09/2022

O GRUPO MIXTO

